

Elección Sindicais

En BBVA  CIG

Confederación Intersindical Galega SECCIÓN SINDICAL BBVA

Sindicalismo galego responsable

CIG-BBVA é a única voz sindical galega que pode escoitarse no ámbito das Comisións e Mesas de negociación, a nivel central da empresa en Madrid e Bilbao, defendendo directamente, sen empregar o mando a distancia que caracteriza a outros sindicatos, o interese concreto e as particularidades que conforman a nosa específica problemática laboral como bancarios que traballamos nas oficinas galegas do BBVA.

Dispoñemos do potencial de actuación dunha forte, sólida e firme organización sindical. Actuamos, responsablemente, coa condición de sindicato “**máis representativo**”, polo que somos parte negociadora do Convenio Colectivo da banca privada, que regula a nosa relación laboral. A traxectoria de CIG-BBVA na negociación dos acordos de empresa no banco, procura sempre a defensa e mellora das condicións laborais e dos dereitos de tódolos traballadores, compañeiros e compañeiras. Así, subscribimos os que resultan ventaxosos: Pacto de Fusión, Nóminas, Horarios, Tarifas e Condicións Bancarias, etc.. Rexeitamos con firmeza, por el contrario, os perxudiciais (Convenio, Fondo de Pensións, CESS...). A CIG é destacado axente social, non só no ámbito galego, senón tamén no estatal e mesmo no internacional (O.I.T., C.E.S., FORCEM ...). Ó teu servizo.

Vota
CIG

Confederación Intersindical Galega

Garantía para tempos difíciles

Veñen aí tempos difíciles, sabémolo todos. Tempos marcados pola cambiante dinámica que vive o sector bancario, metido nun proceso encuberto de reconversión ferozmente obsesionado por reducir persoal ata o **minimum** de subsistencia, implantando a mobilidade como norma de actuación e mudando o sistema de banca tradicional cara a un modelo cibernético ó que lle sobran os recursos humanos. Tempos, tamén, no que os traballadores de BBVA sumamos un plus adicional de preocupación que mira cara o proceso de axuste do cadro de persoal, agardando ós programas de integración e peches de oficinas. Tempos nos que deberemos completar a homoxeinización da condicións laborais. Tempos, en fin, nos que **o sindicato debe ser unha garantía eficaz** na defensa dos dereitos colectivos dos bancarios do BBVA.